

EXERCICIO Nº1

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun periódico. O redactor xefe da sección de internacional, sabedor dos seus coñecementos filosóficos, pásalle a seguinte noticia de actualidade e pídlle que prepare un artigo de opinión para o suplemento dominical. Vostede recorda a filosofía de Platón e o director pídlle de utilizar os conceptos de **Ben, xustiza e Intelectualismo moral** para redactalo.

Aumentan os casos de corrupción dentro do goberno a pesar das promesas de transparencia.

O Observatorio Nacional rexistrou un aumento do 15% nos casos de corrupción gobernamental no último ano, a pesar das repetidas promesas de transparencia por parte das autoridades. Os esforzos para combater estas prácticas parecen insuficientes, xa que as investigacións revelaron múltiples escándalos que involucran a altos funcionarios. A persistencia da corrupción reflicte unha desconexión entre os discursos oficiais e a realidade, o que xerou un crecente descontento social e demandas de maior control e rendición de contas por parte do goberno.

EXERCICIO Nº2

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun periódico. O redactor xefe da sección de internacional, sabedor dos seus coñecementos filosóficos, pásalle a seguinte noticia de actualidade e pídlle que prepare un artigo de opinión para o suplemento dominical. Vostede recorda a filosofía de Aristóteles, a súa concepción da polis e as súas claves sobre os réximes políticos (xusto medio, virtude, finalidade da polis, eudaimonía) ou algunhas das súas célebres afirmacións: «O home é por natureza un animal político». Relaciónese coa noticia e elabore ese artigo divulgativo co título: «Eficiencia e liberdade». Extensión máxima: **20 liñas.**

"O dilema da educación: formar cidadáns ou profesionais?"

No último encontro sobre políticas educativas, xerouse un amplo debate arredor do papel que debe desempeñar a escola no século XXI. Un sector defende que o obxectivo principal do sistema educativo debería ser preparar ás novas xeracións para o mercado laboral, dotándoas de habilidades técnicas e competitivas que respondan ás demandas económicas globais.

Por outra banda, outros expertos sosteñen que a educación non pode limitarse a satisfacer as necesidades do mercado, senón que debe aspirar a formar persoas completas, con capacidade crítica, virtude cívica e un compromiso activo co benestar colectivo. Este grupo argumenta que a educación debería buscar a harmonía entre o desenvolvemento persoal e o progreso social, máis aló da utilidade inmediata.

O debate puxo de manifesto as tensións existentes entre unha visión instrumental da educación e outra máis ampla, centrada no crecemento integral das persoas. A cuestión principal é como equilibrar estas prioridades sen comprometer nin a eficiencia nin os valores humanos.

EXERCICIO Nº3

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun periódico. O redactor xefe da sección de internacional, sabedor dos seus coñecementos filosóficos, pásalle a seguinte noticia de actualidade e pídlle que prepare un artigo de opinión para o suplemento dominical. Vostede recorda a filosofía de Platón e o director pídlle de utilizar os conceptos de **episteme e doxa** para escribir un artigo divulgativo co título: «**A verdade oculta tras as apariencias**». Extensión máxima: 20 liñas. **(2 puntos)**.

A verdade oculta tras o horror

Recentemente, en Francia descubriuse un caso estremecedor: un home drogaba á súa esposa sen o seu coñecemento para que outros abusasen dela mentres el observaba. Durante anos, a muller viviu nunha realidade manipulada, allea á verdade sobre o que ocorría no seu propio fogar. Este caso lémbra-nos o fráxil que pode ser a liña entre o que cremos coñecer e o que realmente é. Cando vivimos sumidos nunha “verdade” construída por outros, a nosa visión do mundo límítase a opinións impostas que ocultan a realidade. Só o acceso á verdade permite liberarse da ignorancia, aínda que ás veces poida resultar dolorosa.